



BO DÍA!!!

Xa é venres! Pasou rápido a semana ou non? Penso que esta semana foi bastante doada e, non sei o motivo, pero organizeime moito mellor que semanas atrás. Ata teño tempo libre!!! Cousa que outras semanas non era así...


Imos comezar corrixindo o exercicio que tiñamos do martes do pasado, presente e futuro. Supoño que non houbo ningunha dúbida pero por se acaso, aquí tedes o vídeo.

<https://youtu.be/uDkta2TAdhY>

Recordades a noticia que comentei en natu da praia de Ponzos? Que falaban dunhas pezas que serven para analizar o pasado, a historia desa zona? Pois ben, hoxe imos falar desas pezas ...

<https://youtu.be/TLnt2AYUFKA>

Continuamos máis abaixo



Quedou claro que son as fontes históricas? Penso que si, non? Imos copiar agora un pequeno resumo e esquema do que son as fontes históricas. Para iso, deixades tres liñas e con boli azul escribides o seguinte.

QUE SON AS FONTES HISTÓRICAS?

As fontes históricas son os testemuños, restos que estudan, analizan e investigan os historiadores para saber como vivían e se organizaban as persoas nese lugar e momento histórico.

Hai catro tipos de fontes históricas:

- Escritas como libros, cartas e documentos.
- Orais como cancións e lendas contadas de xeración en xeración.
- Materiais como xoias, roupa, vasillas de cerámica, obxectos de madeira, ósos.
- Gráficas como as fotografías e películas ou pinturas.

Os historiadores son as persoas encargadas de estudar esas pezas encontradas polos arqueólogos que son as persoas que escavan nun xacemento (lugar onde hai restos importantes) en busca de novos obxectos que dean máis información ao historiador.

Ata o martes!!!

